



Estimadas familias:

Para comunicarnos con vostedes de forma rápida e sinxela no **CEIP A Solaina** imos empregar a partir de agora a plataforma **TokApp School**, convidando aos responsables do alumnado a que descarguen esta aplicación nos seus teléfonos móbiles ou nas súas tabletas. Esta plataforma galega está sendo utilizada por outros centros públicos e organismos.

Por este medio **poderán ter información inmediata**, ademais de poder **responder** cando o centro llelo solicite. A aplicación é de **descarga gratuíta** para teléfonos Android, Windows Phone o iOS. Está dispoñible en **Google Play Store, Windows Phone Store e App Store**.

Os pasos a seguir son os seguintes:

- 1- Entrar na tenda App Store, Google Play ou Windows Phone Store.
- 2- Buscar a aplicación de TokApp School e descargala.
- 3- Abrir a aplicación, seleccionar o seu país de residencia e validar o nº de teléfono ou o enderezo electrónico que facilitou no centro ao inicio do curso.
- 4- Escribir o nome de usuario e contrasinal que queiran utilizar (se xa está en uso, elixir outro).
- 5- Agardar a que o centro actualice a base de datos e detecte o seu rexistro.

Comezará a recibir os comunicados. É esencial que os datos de rexistro coincidan cos facilitados ao centro. De non ser o caso, pregamos se poñan en contacto connosco.

Igualmente, tamén poden ter información de como descargar a aplicación e darse de alta a través da seguinte ligazón:

<http://soporte.tokapp.com/>

No caso de non ter teléfono con conexión de datos, utilizaremos o **correo electrónico** para comunicarnos con vostedes.

Un cordial saúdo.

A Dirección



www.tokappschool.com

Máis información en <https://www.tokapp.com/>